

**CONCRECIÓN CURRICULAR**

**CEIP. PLURILINGÜE ALEXANDRE**

**RODRÍGUEZ CADARSO**

**COD.15010681**



## ÍNDICE

|  |    |
|--|----|
| 1- <i>Introdución</i> .....  | 3  |
| 2- <i>A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro</i> .....  | 4  |
| 3- <i>A contribución á adquisición das competencias</i> .....  | 6  |
| 4- <i>Os criterios para incorporar elementos transversais</i> .....  | 12 |
| 5- <i>Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía</i> .....   | 15 |
| 5.1 <i>Educación infantil</i> .....  | 17 |
| 5.2 <i>Educación primaria</i> .....  | 19 |
| 6- <i>Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos</i> .....  | 27 |
| 7- <i>Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso</i> .....  | 29 |
| 8- <i>Os criterios para o deseño das actividades complementarias</i> .....   | 29 |
| 9- <i>Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso</i> ..... | 31 |
| 10- <i>Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso</i> .....                     | 33 |
| 11- <i>Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación</i> .....  | 34 |
| 12- <i>Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso</i> .....   | 36 |
| 13- <i>As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias</i> ..... | 37 |
| 14- <i>Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas</i> .....   | 38 |
| 15- <i>O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular</i> .....  | 39 |



## 1. Introducción

A Concreción Curricular do CEIP PLURILINGÜE ALEXANDRE RODRÍGUEZ CADARSO está realizada polo Equipo Directivo, a Comisión de Coordinación Pedagóxica e o Claustro de Mestres/as. Dito documento orientará ao profesorado na súa actuación docente, para garantir o cumprimento de todo no que nel queda recollido.

|  |  |  |
|--|--|--|
| <b>ELABORADO POR :</b><br>Equipo Directivo<br>Comisión de Coordinación<br>Pedagóxica<br>Claustro | <b>REVISADO POR:</b><br>Equipo Directivo<br>Comisión de Coordinación<br>Pedagóxica<br>Claustro | <b>APROBADO POR:</b><br>Claustro e Inspección<br>Educativa |
| DATA: do 2022  | DATA:  | DATA:  |



## 2- A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non discriminación de persoas con discapacidade.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua castelá e a lingua cooficial da comunidade autónoma, e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas, e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, das ciencias sociais, da xeografía, da historia e da cultura.
- i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.



- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal esocial.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar xeitos decomportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas

A estrutura da concreción curricular de Educación Infantil que se indica de seguido, fundaméntase non indicado na seguinte normativa en vigor:

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación. LOE
  - Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
  - Real Decreto 95/2022, do 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e os ensinamentos mínimos da Educación Infantil.
  - Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da EI na CCAA de Galicia.
  - Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, ou desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia
- Por todo o indicado establecemos non noso centro a seguinte Concreción curricular da etapa de educación infantil.
- Coñecer e explorar o propio corpo, as súas posibilidades de acción e limitacións así como o corpo das outras persoas e mostrar actitudes de respecto e aceptación das diferenzas.
  - Observar e explorar o medio familiar, social e natural que o rodea.



- Desenvolver as actividades habituais , rutinas, de xeito cada vez máis autónomo.
- Avanzar no desenvolvemento e expresión de sentimentos e emocións.
- Relacionarse coas demais persoas adquirindo progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, en condicións de igualdade, exercitándose na resolución pacífica de conflitos e evitando así todo tipo de violencia.
- Desenvolver habilidades comunicativas nas diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, o movemento, o xesto e o ritmo como medios de comunicación, información e gozo.
- Desenvolver normas sociais que fomenten a igualdade entre homes e mulleres e as apliquen nas relacións e comportamentos que establecen habitualmente.
- Mostrar interese por coñecer as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia e coñecer personalidades relevantes na cultura e sociedade galega.

### 3- A contribución á adquisición das competencias

O desenvolvemento das competencias abordarase desde todas as áreas curriculares de xeito interdisciplinaria. As competencias que debemos desenvolver segundo o Decreto 155/2022 son as seguintes:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC)

A etapa de educación infantil supón o inicio do proceso de desenvolvemento das habilidades e destrezas necesarias para a adquisición das competencias clave para a aprendizaxe permanente que aparecen recollidas na Recomendación do Consello da



Unión Europea do 22 de maio de 2018. As devanditas competencias (sen haber xerarquía entre elas) son as seguintes:

- CCL-Competencia en comunicación lingüística.
- CP-Competencia plurilingüe.
- STEM-Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería.
- CD-Competencia dixital.
- CPSAA-Competencia persoal, social e de aprender a aprender.
- CC-Competencia cidadá.
- CE-Competencia emprendedora.
- CCEC-Competencia en conciencia e expresión culturais

As CC teñen un carácter transversal, é dicir, ningunha se corresponde directa e univocamente cunha única área, e todas se adquiren e desenvolven a partir das aprendizaxes que se producen nas distintas áreas. Este favorecendo así o enfoque globalizado propio da etapa de educación infantil.

Espérase que a adquisición destas competencias ao longo da súa escolarización lle permita ao alumnado prepararse para afrontar con éxito os principais retos do século XXI:

- planificar hábitos de vida saudables,
- protexer o ambiente,
- resolver conflitos de forma pacífica,
- actuar como consumidores e consumidoras responsables,
- usar de maneira ética e eficaz as tecnoloxías,
- promover a igualdade de xénero,
- manexar a ansiedade que xera a incerteza,
- identificar situacións de iniquidade e desenvolver sentimentos de empatía,
- cooperar e convivir en sociedades abertas e cambiantes,
- aceptar a discapacidade, apreciar o valor da diversidade,
- formar parte dun proxecto colectivo,
- adquirir confianza no coñecemento como motor do desenvolvemento.

Nesta concreción curricular de etapa adóptase por unha visión estrutural e funcional das competencias clave, na que as súas tres dimensións (a cognitiva ou coñecementos, a



instrumental ou destrezas e a actitudinal ou actitudes, se integran en accións concretas para resolver de maneira eficaz unha tarefa significativa e contextualizada orientada ao desenvolvemento integral da cativada.

Recóllense, neste segundo nivel de concreción curricular os modos nos que, desde a práctica educativa, se contribúe á adquisición das CC.

CCL-Competencia en comunicación lingüística. Esta CC refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta. Os coñecementos, destrezas e actitudes propios desta competencia permiten expresar pensamentos, emocións, vivencias e opinións, así como dialogar, formarse un xuízo crítico, xerar ideas, estruturar o coñecemento, darlle coherencia a un discurso e ás propias accións e tarefas, adoptar decisións e gozar escoitando, lendo ou expresándose de forma oral ou escrita, todo o cal contribuirá ademais ao desenvolvemento da autoestima e da auto confianza. Contribuirase á mellora da competencia lingüística fomentando a participación, respectando a diversidade de respostas e ofrecendo un clima no que se anime a ler, escribir e conversar.

CP-Competencia plurilingüe. Achegándoos ás linguas e culturas distintas da familiar, co fin de fomentarlles actitudes de respecto e aprecio pola diversidade lingüística e cultural, así como o interese polo enriquecemento do seu repertorio lingüístico. Promoverase o diálogo e a convivencia democrática.

STEM-Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería. Esta CC refírese á habilidade para interactuar co mundo físico, de modo que se facilite a comprensión de sucesos, a predición de consecuencias, así como o coidado do medio natural e a protección da saúde individual e colectiva. Esta acción leva implícito ser consciente da influencia que ten a presenza das persoas no espazo, a súa actividade, as modificacións que introducen e as paisaxes resultantes, así como da importancia de que todos os seres humanos se beneficien do desenvolvemento e de que este procure a conservación dos recursos e a diversidade natural, mantendo a solidariedade global e interxeracional. Supón, así mesmo, demostrar espírito crítico na observación da realidade e na análise das mensaxes informativas e publicitarias, así como uns hábitos de consumo responsable na vida cotiá.





Ademais, é necesario desenvolver a habilidade para empregar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático, tanto para producir e interpretar distintos tipos de información, como para ampliar o coñecemento sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade, e para resolver problemas relacionados coa vida cotiá e co mundo laboral. Esta CC implica o desenvolvemento e aplicación do pensamento científico-técnico para interpretar a información que se recibe e para predicir e tomar decisións con iniciativa e autonomía persoal. Para iso, é necesario os procesos matemáticos básicos en situacións reais ou simuladas da vida cotiá, e a posta en práctica de procesos de razoamento que levan á resolución dos problemas ou á obtención de información.

Contribuirase, polo tanto, á adquisición desta competencia na medida en que os elementos e razoamentos matemáticos sexan empregados para enfrontarse ás situacións cotiás e reais que o precisen e iniciando o alumnado no pensamento científico, potenciando habilidades de investigación: formular hipóteses, recoñecer evidencias, observar, formular interrogantes, descubrir alternativas, verificar, predicir, xerar novas ideas e solucións

CD-Competencia dixital. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e mais para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse. Está asociada coa busca, selección, rexistro e tratamento ou análise da información, utilizando técnicas e estratexias diversas para acceder a ela segundo a fonte a que se acuda e o soporte que se empregue: oral, impreso, audiovisual, dixital ou multimedia. O tratamento da información e a competencia dixital implican ser unha persoa autónoma, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas. Tamén ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible, contrastándoa cando é necesario e respectando as normas de conduta acordadas socialmente para regular o uso da información. Se desde a educación infantil se quere contribuír a mellorar esta competencia, é preciso que se propoñan situacións nas cales sexa necesario resolver problemas reais, para o cal se recorrerá ao tratamento da información e ao uso dos recursos tecnolóxicos dispoñibles.



CPSAA-Competencia persoal, social e de aprender a aprender. Esta CC ten dúas dimensións:

1. A persoal e social onde que refírese por un lado á adquisición da conciencia e aplicación dun conxunto de valores e actitudes persoais interrelacionadas como a responsabilidade, a perseveranza, o auto coñecemento e a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, de calcular riscos e de afrontar os problemas, así como a capacidade de demorar a necesidade de satisfacción inmediata, de aprender dos erros e de asumir riscos. Por outro lado á capacidade de elixir con criterio propio, de propoñer proxectos e de levar adiante as accións necesarias para desenvolver as opcións e plans persoais -no marco de proxectos individuais ou colectivos- responsabilizándose deles tanto no ámbito persoal, como no social e no laboral. Contribuirase a desenvolver esta dimensión cando se permita imaxinar, emprender accións, desenvolver proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza e responsabilidade.

2. Aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma de acordo cos propios obxectivos e necesidades. Esta CC ten dúas extensións fundamentais: a adquisición da conciencia das propias capacidades -intelectuais, emocionais, físicas-, do proceso e das estratexias necesarias para desenvolvelas; e a conciencia do que se pode facer por un mesmo e do que se pode facer con axuda doutras persoas ou recursos. Significa ser consciente do que se sabe e do que é necesario aprender, de como se aprende e de como se xestionan e controlan de forma eficaz os procesos de aprendizaxe, optimizándoos e orientándoos a satisfacer obxectivos persoais. Contribuirase a aprender a aprender deseñando unha práctica educativa que incida na potenciación da comprensión e da expresión lingüística, da memoria, da motivación, da observación, dos rexistros das aprendizaxes, do traballo cooperativo e por proxectos, da resolución de problemas, posibilitando por parte dos nenos e nenas a planificación e organización da tarefa que se vai realizar, a selección e o tratamento da información a través dos diferentes recursos tecnolóxicos.

CC-Competencia cidadá. Esta competencia posibilita comprender a realidade social en que se vive, cooperar, convivir e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade plural, así como comprometerse a contribuír á súa mellora. Nela están integrados coñecementos diversos e habilidades complexas que permiten participar, tomar



decisións, elixir como comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das eleccións e decisións adoptadas. En consecuencia, entre as habilidades desta competencia destacan coñecerse e valorarse, saber comunicarse en distintos contextos, expresar as propias ideas e escoitar as alleas, ser capaz de poñerse no lugar do outro e de comprender o seu punto de vista aínda que sexa diferente do propio, así como tomar decisións nos distintos niveis da vida comunitaria, valorando conxuntamente os intereses individuais e os do grupo. Ademais, implica a valoración das diferenzas á vez que o recoñecemento da igualdade de dereitos entre os diferentes colectivos, en particular, entre homes e mulleres. Igualmente, supón a práctica do diálogo e da negociación para chegar a acordos como forma de resolver os conflitos, tanto no ámbito persoal como no social. Contribuírse ao desenvolvemento desta competencia traballando as habilidades sociais que permiten mediar nos conflitos de convivencia, axudan a resolvelos con actitude construtiva e a tomar decisións con autonomía.

CCE-Competencia emprendedora. A creación e a innovación son dous factores clave para o desenvolvemento persoal, a inclusión social e a cidadanía activa ao longo da vida. Estimularase a curiosidade, a iniciativa, a imaxinación e a disposición para indagar e crear mediante o xogo, as actividades dirixidas ou libres, os proxectos cooperativos e outras propostas de aprendizaxe, o cal supón unha oportunidade para potenciar a autonomía e materializar as ideas persoais ou colectivas. Desta maneira, aséntanse as bases tanto do pensamento estratéxico e creativo coma da resolución de problemas e foméntase a análise crítica e construtiva desde as primeiras idades.

CCEC-Competencia en conciencia e expresión culturais. Esta competencia supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e de gozo e consideralas como parte do patrimonio dos pobos. Apreciar o feito cultural en xeral, e o feito artístico en particular, leva implícito dispoñer daquelas habilidades e actitudes que permiten acceder ás súas distintas manifestacións, así como habilidades de pensamento, perceptivas e comunicativas, sensibilidade e sentido estético para poder comprendelas, valoralas, emocionarse e gozalas. Na educación infantil contribuírse ao desenvolvemento desta competencia cando o centro estea aberto ás diferentes manifestacións culturais e artísticas, converténdose nun espazo en que se aprecie e goce coa arte e coas manifestacións culturais, onde se potencie o emprego dalgúns recursos da expresión



artística para realizar creacións propias; onde se manteña unha actitude aberta, respectuosa e crítica cara á diversidade de expresións artísticas e culturais e onde se impulse cultivar a capacidade estética e creadora de cada criatura e o interese por participar na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio.

#### 4- Os criterios para incorporar elementos transversais

Nos últimos anos a sociedade sensibilizouse nalgúns aspectos que inciden directamente na marcha do sistema. Algúns trátanse sempre dentro do currículo, outros son elaborados como complemento á programación.

Son temas de impacto actual e de gran importancia que deben tratarse.

##### Educación para a convivencia

O feito de que a propia escola sexa o lugar de encontro entre persoas distintas que forman unha comunidade e cuxos intereses non sempre son harmónicos, fai da escola un lugar idóneo para poder aprender por propia experiencia esas actitudes básicas e necesarias para unha convivencia realmente libre, solidaria, democrática e participativa. Por outra banda, a construción de actitudes que estimulen ao diálogo como vía de resolución de conflitos entre persoas ou grupos, será o noso obxectivo básico.

##### Educación para o consumo responsable

Os nenos/as son os máis afectados no acoso publicitario que actualmente reina neste modo de vida. Por isto debemos instrumentalizar actividades que outorguen no posible criterios para o uso adecuado dos materiais en función da súa utilización e non de modas ou campañas publicitarias.

##### Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual

Promovendo unha alimentación axeitada (sobre todo nas merendas que traen ao centro) e fomentar o exercicio físico que sexa adecuado e estruturado para promover unha boa calidade de vida.

##### Desenvolvemento sustentable

Se traballamos o espazo natural como algo realmente noso, teremos que ensinar a coidalo, tendo un coidado minucioso da contorna e unha actitude respectuosa por todo o relacionado co medio natural.



#### Educación vial

Traballaremos aspectos espazo- temporais, de orientación e o coñecemento das nosas rúas, dos sinais e dos modelos de convivencia tanto de peóns como de usuarios dun transporte.

#### Educación intercultural

Contribuíndo a que todos os nosos alumnos/as, independentemente da súa raza, aprendan a convivir na nosa escola como espazo democrático, preparándoos para a vida futura e mellor inserción social.

Procurando fomentar valores e principios que sosteñan unha vida pacífica fóra de racismos e intolerancias.

#### Igualdade entre mulleres e homes:

Herdada dunha estrutura social e familiar hai un tratamento desigual dos nenos/as na escola, sempre reflexo do que ocorre na sociedade.

Polo tanto, modificaremos hábitos discriminatorios por sexo e procuraremos actividades e tarefas cooperativas asignando responsabilidades dentro do grupo por igual.

#### Educación para a paz:

Nestas idades os conflitos de relación son bastante frecuentes. Os roces, os choques, os enfados fan que as veces xurdan belixerantes relacións. Coas nosas actividades debemos encauzar estas situacións para dar a posibilidade de solucionarlas polo camiño da aceptación dos erros, da comprensión ou da palabra, fronte á agresividade.

#### Cultura galega:

O coñecemento e práctica de actividades que favorezan un acercamento á comprensión e respecto das peculiaridades do noso país.

En todas as áreas do currículo trabállanse unha serie de contidos implícitos que aparecen recollidos no artigo 10 del RD 126/2014 e o artigo 17 do D155/2022, denominados elementos transversais, coa finalidade de que o alumno/a alcance o seu máximo desenvolvemento integral.

Son os seguintes:

- A comprensión lectora:



Saber comprender é un dos grandes obxectivos que debe acadar o alumnado na etapa de EP.

- Expresión oral e escrita:

É outro dos principais obxectivos que se deben acadar ao finalizar a etapa.

- Comunicación audiovisual

Dada a sociedade na que nos atopamos, é necesario preparar ao alumnado tamén para comprender a información que ven acompañada de imaxe e/ou audio.

- Competencia dixital

Tendo en conta que a escola é a porta cara o futuro, debe ir en consonancia coas novas esixencias formativas da sociedade.

- Creatividade, espírito científico e emprendemento, iniciativa empresarial

Afianzarán o espírito emprendedor a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, o traballo en equipo, a confianza en si mesmo e o sentido crítico.

- Educación cívica e constitucional

Ten como obxectivo axudar a analizar criticamente a realidade e favorecer a convivencia. Ademais destes, desde a área de lingua castelá contribuiremos ao desenvolvemento, principalmente, dos seguintes valores: igualdade entre homes y mulleres, prevención e resolución pacífica de conflitos, situacións de risco, educación e seguridade viaria, así como desenvolvemento sostido e medio ambiente.

Atenderase como mínimo ós seguintes criterios:

- Atender progresivamente ao desenvolvemento afectivo, á xestión emocional, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, e ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento da contorna, dos seres vivos que nela conviven e das características físicas e sociais do medio en que viven.

- Empregar unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente. Tamén se incluírá a educación en valores

- Promover unha educación para o consumo responsable e sustentable, e a promoción e a educación para a saúde que fomente uns hábitos saudables



- Favorecer que a cativada adquira autonomía persoal e elabore unha imaxe de si mesma positiva, equilibrada, igualitaria e libre de estereotipos discriminatorios, incluíndo o coñecemento da diversidade familiar existente.

## 5- Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

Pretendemos que o noso modelo de educación sexa integral favorecendo o desenvolvemento de capacidades, valores e procedementos na aprendizaxe do neno/a. Deste xeito, convertémonos nun mestre/a mediador/a que trata de que os nosos alumnos/as desenvolvan as súas capacidades (ensinar a pensar) e valores (ensinar a querer).

Todo isto dentro dunha aprendizaxe global que busca a integración do maior número de aspectos posibles recollidos dentro dos diferentes núcleos de contidos, relacionando coñecementos, procedementos e actitudes.

No noso traballo diario utilizaremos os modelos metodolóxicos que consideremos mellores para adquirir os nosos obxectivos. Entre estes modelos temos:

- Discurso expositivo.
- Discurso de experiencias.
- Talleres.
- Aprendizaxe cooperativo.
- Aprendizaxe colaborativo
- Traballo por tarefas.
- Traballo por proxectos.

Como principios metodolóxicos teremos en conta:

- Actividade e experimentación.
- Participación.
- Motivación.
- Personalización.
- Inclusión.
- Interacción.
- Significatividade.
- Funcionalidade.
- Globalización.



- Avaliación formativa.

- Poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

- A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

- A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

- A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de calquera tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito da lectura, o centro organizará a súa práctica docente de forma que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura integrado nas áreas.

- A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade dos/das alumnos/as, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as eles/ as e máis unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

- Prestaráselles especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e das alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.

- Os mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.





- Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

O punto de partida da aprendizaxe dos/as alumnos/as son primeiro os coñecementos previos.

- Búscanse tarefas que capten a motivación do alumnado e facilitan así a aprendizaxe.

- Terase en conta que os nenos/as aprendan de distintas formas e a ritmos diferentes, polo que se flexibilizarán as tarefas de modo que tódolos integrantes do grupo poidan participar.

- Considerarase o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe, dándolle así aos alumnos/as confianza en si mesmos/as.

Cabe destacar que a acción docente que se leva a cabo no centro é o resultado dunha coordinación permanente co profesorado, cun contacto directo co departamento de orientación, co IES ao que estamos adscritos e con diferentes asociacións: Amigos, Misela, SAT, ¿ co fin de lograr un desenvolvemento do proceso educativo e que exista unha liña de traballo en común. Levaremos a cabo unha serie de medidas curriculares, así como diversas vías de comunicación que faciliten a transición dunha etapa á outra.

### 5.1 Educación infantil

A práctica educativa nesta etapa busca desenvolver e asentar progresivamente as bases que faciliten o máximo desenvolvemento de cada neno/a, nun ambiente de afecto e confianza para potenciar a súa autoestima e integración social, e o establecemento dun apego seguro.

Así mesmo, a hora de decidir a metodoloxía que empregamos na aula teremos en conta diferentes principios:

- Globalización. Entendida como unha actitude fronte ao proceso de ensino-aprendizaxe.



Preténdese estimular o desenvolvemento de todas as capacidades, tanto físicas como afectivas, intelectuais e sociais dunha forma global, xa que cando os nenos/as realizan unha actividade poñen en marcha mecanismos afectivos, psicomotores, comunicativos, cognitivos, somáticos, de creatividade.

- Aprendizaxe significativa. É o proceso polo que se relaciona a nova información con coñecementos xa existentes na estrutura cognoscitiva do suxeito. Débese ter en conta que os contidos sexan significativos tanto desde o punto de vista da súa estrutura interna, que deben ser coherentes, claros e organizados, como desde o punto de vista do suxeito que aprende xa que é preciso partir dos coñecementos e experiencias previas que posúe e que lle van a permitir abordar as novas aprendizaxes.

- Afectividade. Os nenos/as necesitan saberse queridos para sentirse seguros. A seguridade que lles dá o sentirse queridos contribúe dun xeito positivo á formación dunha autoimaxe axustada e positiva de si mesmos.

- Socialización. É o proceso polo que o neno/a aprende a interiorizar elementos socioculturais, intégraos na estrutura da súa personalidade e adáptase e participa no entorno sociocultural onde vai vivir, entendendo que hai dereitos e deberes. Abriremos á escola á comunidade e será fundamental a colaboración coas familias establecendo canles para o intercambio de información, ademais de facelos participes na vida da escola.

- Metodoloxía activa. Esta metodoloxía busca que o neno/a sexa o verdadeiro protagonista do proceso de ensino-aprendizaxe, procurarase que observe, manipule e explore todas as súas posibilidades e limitacións tendo unha actitude crítica ante as diversas situacións que se lle presenten, desenvolvendo, entre outros, aspectos motrices que faciliten o avance na súa autonomía.

- Individualidade. Cada neno/a é diferente no seu proceso de desenvolvemento, nos seus gustos, intereses, todo isto hai que telo en conta á hora de planificar as actividades, xa que cada neno/a vai enfrontarse e a desenvolvesas dun xeito diferente segundo sexan as súas propias características. Temos que axustar a intervención educativa ao seu momento evolutivo, respetando os seus ritmos e as características individuais e propoñéndolles situacións de aprendizaxe motivadoras que leven a valorar os propios



logros. A inclusión será o eixe que rixa o traballo docente, poñendo en práctica os mecanismos de reforzo tan pronto se detecten as dificultades.

Outros aspectos que teremos en conta son:

- Aprender a aprender. Proporcionaráselles os medios e recursos para que cheguen a adquirir os coñecementos por eles mesmos, promovendo o traballo en equipo e as actividades que potencien a súa curiosidade, creatividade e sensibilidade, buscando a súa autonomía na realización destas.

- Partir do xogo como a actividade principal da etapa buscando socialización, favorecendo o desenvolvemento da empatía e da resiliencia, aceptando constructivamente os logros coma os erros, valorando o esforzo, a constancia e a iniciativa, desenvolvendo deste modo todas as súas potencialidades.

- Do papel protagonista do alumno derívase que o noso rol como mestras é ser unha GUÍA. Encárganos de guiar o proceso de ensino-aprendizaxe, de motivalos e de preparar as actividades tendo en conta os seus intereses e necesidades. Estaremos presentes, obsérvándoos, axudándolles, propoñéndolles retos, fécéndolles preguntas, mostrándolles diferentes camiños, pero nunca se lle dará a aprendizaxe construída. Neste sentido, hai implícito un aspecto que é moi importante para o equipo docente: o ERRO É BENVIDO. A cativada debe poder cometer erros e non sentirse mal por iso nin recibir dose de negatividade pola nosa banda. O erro forma parte natural de vida e todos nos equivocamos. Así que este erro é vivido sempre na aula como unha oportunidade de aprender, de seguir, de achegarse máis ao obxectivo.

- Potenciar a autonomía nos nenos/as cunha intensa actividade física e mental.

- Ao longo das actividades empregaremos dinámicas individuais, de parella, grupos ou equipos (fomentando o traballo colaborativo e cooperativo) e de gran grupo.

## 5.2 Educación primaria

### 5.2.1 Área de ciencias da natureza

Establécense unha serie de orientacións metodolóxicas para a área con fin de favorecer un enfoque competencial.



- a) Potenciarase un enfoque globalizador e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe fundamentada en competencias.
- b) Levaranse a cabo prácticas de aprendizaxe cooperativa xa que posibilitan a resolución conxunta das tarefas, proxectos e investigacións, e potencian a inclusión do alumnado.
- c) Estableceranse propostas que activen ao alumnado promovendo a súa curiosidade e motivación, de cara á investigación e resolución de problemas que lle permitan ser consciente de que el ou ela é responsable das súas aprendizaxes.
- d) Os métodos utilizados deben enfocarse a posibilitar a realización de tarefas integradas onde o alumnado faga uso axeitado dos distintos tipos de coñecemento, destrezas, actitudes e valores. O traballo por proxectos resulta especialmente interesante para a aprendizaxe por competencias.
- e) Potenciarase a variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías de información e comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe.

### 5.2.2 Área de ciencias sociais

Establécense unha serie de orientacións metodolóxicas para a área con fin de favorecer un enfoque competencial.

- a) Potenciarase un enfoque globalizador e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe fundamentada en competencias.
- b) Levaranse a cabo prácticas de aprendizaxe cooperativa xa que posibilitan a resolución conxunta das tarefas, proxectos e investigacións, e potencian a inclusión do alumnado.
- c) Estableceranse propostas que activen ao alumnado promovendo a súa curiosidade e motivación, de cara á investigación e resolución de problemas que lle permitan ser consciente de que el ou ela é responsable das súas aprendizaxes.
- d) Os métodos utilizados deben enfocarse a posibilitar a realización de tarefas integradas onde o alumnado faga uso axeitado dos distintos tipos de coñecemento, destrezas, actitudes e valores. O traballo por proxectos resulta especialmente interesante para a aprendizaxe por competencias.
- e) Potenciarase a variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías de información e comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe.



### 5.2.3 Área de lingua castelá e literatura

Establécense unha serie de orientacións metodolóxicas para a área con fin de favorecer un enfoque competencial.

- a) Potenciarase un enfoque globalizador e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe fundamentada en competencias.
- b) Levaranse a cabo prácticas de aprendizaxe cooperativa xa que posibilitan a resolución conxunta das tarefas, proxectos e investigacións, e potencian a inclusión do alumnado.
- c) Estableceranse propostas que activen ao alumnado promovendo a súa curiosidade e motivación, de cara á investigación e resolución de problemas que lle permitan ser consciente de que el ou ela é responsable das súas aprendizaxes.
- d) Os métodos utilizados deben enfocarse a posibilitar a realización de tarefas integradas onde o alumnado faga uso axeitado dos distintos tipos de coñecemento, destrezas, actitudes e valores. O traballo por proxectos resulta especialmente interesante para a aprendizaxe por competencias.
- e) Potenciarase a variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías de información e comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe.

As linguas terán un tratamento integrado. No caso das áreas de Lingua castelá e literatura e de Lingua galega e literatura, evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, que requiren dun tratamento e traballo específico, pero hai determinados aspectos que serán abordados de maneira parella, algúns presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas.

O profesorado organizará o seu labor para evitar a repetición de contidos naqueles aspectos comúns á aprendizaxe das linguas, como son as estratexias de lectura, ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos. Empregarase a mesma terminoloxía nas dúas linguas.

Para o tratamento integrado das linguas é preciso que haxa coordinación entre as linguas cooficiais e a lingua estranxeira, para evitar a repetición de contidos e para unificar terminoloxía.

### 5.2.4 Área de lingua galega e literatura

Establécense unha serie de orientacións metodolóxicas para a área con fin de favorecer un enfoque competencial.



- a) Potenciarase un enfoque globalizador e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe fundamentada en competencias.
- b) Levaranse a cabo prácticas de aprendizaxe cooperativa xa que posibilitan a resolución conxunta das tarefas, proxectos e investigacións, e potencian a inclusión do alumnado.
- c) Estableceranse propostas que activen ao alumnado promovendo a súa curiosidade e motivación, de cara á investigación e resolución de problemas que lle permitan ser consciente de que el ou ela é responsable das súas aprendizaxes.
- d) Os métodos utilizados deben enfocarse a posibilitar a realización de tarefas integradas onde o alumnado faga uso axeitado dos distintos tipos de coñecemento, destrezas, actitudes e valores. O traballo por proxectos resulta especialmente interesante para a aprendizaxe por competencias.
- e) Potenciarase a variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías de información e comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe.

As linguas terán un tratamento integrado. No caso das áreas de Lingua castelá e literatura e de Lingua galega e literatura, evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, que requiren dun tratamento e traballo específico, pero hai determinados aspectos que serán abordados de maneira parella, algúns presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas.

O profesorado organizará o seu labor para evitar a repetición de contidos naqueles aspectos comúns á aprendizaxe das linguas, como son as estratexias de lectura, ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos. Empregarase a mesma terminoloxía nas dúas linguas.

Para o tratamento integrado das linguas é preciso que haxa coordinación entre as linguas cooficiais e a lingua estranxeira, para evitar a repetición de contidos e para unificar terminoloxía.

### 5.2.5 Área de matemáticas

Establécense unha serie de orientacións metodolóxicas para a área con fin de favorecer un enfoque competencial.

- a) Potenciarase un enfoque globalizador e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe fundamentada en competencias.



- b) Levaranse a cabo prácticas de aprendizaxe cooperativa xa que posibilitan a resolución conxunta das tarefas, proxectos e investigacións, e potencian a inclusión do alumnado.
- c) Estableceranse propostas que activen ao alumnado promovendo a súa curiosidade e motivación, de cara á investigación e resolución de problemas que lle permitan ser consciente de que el ou ela é responsable das súas aprendizaxes.
- d) Os métodos utilizados deben enfocarse a posibilitar a realización de tarefas integradas onde o alumnado faga uso axeitado dos distintos tipos de coñecemento, destrezas, actitudes e valores. O traballo por proxectos resulta especialmente interesante para a aprendizaxe por competencias.
- e) Potenciarase a variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías de información e comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe.

#### 5.2.6 Área de valores sociais e cívicos

Establécense unha serie de orientacións metodolóxicas para a área con fin de favorecer un enfoque competencial.

- a) Partirase das experiencias, problemas e intereses do alumnado para favorecer a implicación emocional.
- b) Levaranse a cabo prácticas de aprendizaxe cooperativa xa que posibilitan a resolución conxunta das tarefas, proxectos e investigacións que permite aos alumnos e alumnas a análise, a expresión e a interpretación de pensamentos, emocións e feitos en distintos contextos, así como, o usos da linguaxe para regular a conduta e relacionarse cos demais.
- c) Traballarase a toma de decisións e a resolución de problemas e conflitos a través da comunicación oral, o diálogo e a interacción entre o alumnado.

Hai que ter en conta que esta metodoloxía está condicionada polo número de alumnado da clase.

#### 5.2.7 Área de educación física

A selección de contidos e metodoloxías activas contribuirán á adquisición das competencias clave, convertendo o xogo no elemento fundamental para a maioría das aprendizaxes, dado o carácter global e lúdico desta área ao longo de toda a etapa.



Propoñemos metodoloxías non directivas (descubrimento guiado, resolución de problemas e libre exploración), o traballo cooperativo e os retos motrices reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Empregaremos distintas metodoloxías que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, partindo das súas capacidades, valorando o seu progreso e favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos.

As distintas situacións de aprendizaxe deben incorporar enfoques interdisciplinarios nos que se vinculen os contidos de EF coas demais áreas da etapa a través de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, a adquisición dun estilo de vida activo e saudable e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

Consideramos moi necesario o desenvolvemento das relacións interpersoais, a conversión de espazos e materiais en oportunidades de aprendizaxe.

Faremos énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades.

#### 5.2.8 Área de educación artística

Establécense unha serie de orientacións metodolóxicas para a área que nesta etapa engloba a Educación Musical e a Educación Plástica, con fin de favorecer un enfoque competencial.

A aprendizaxe por competencias na que se basea o currículo require metodoloxías activas e contextualizadas, introducindo estratexias interactivas, proxectos colaborativos co uso das novas tecnoloxías e facendo fincapé na creación de produtos reais que teñan efecto na comunidade educativa.

É de especial importancia xerar capacidades de pensamento crítico con actividades que traten a información visual e musical, posibilitando o desenvolvemento da creatividade, a imaxinación, a autonomía, a sensibilidade estética, a expresión persoal, a capacidade comunicativa e a socialización,... e situando a área nun lugar privilexiado para a transversalidade con outras áreas do currículo, colaborando nunha comprensión da realidade, permitindo achegarse á mirada das demais persoas e á diversidade de maneiras de manifestarse nos produtos da cultura musical e visual.

Realizaranse unidades didácticas para ensinar ao alumnado a interpretación e a análise de que todas as formas de arte son expresión de ideas, sentimentos, crenzas, actitudes da persoa, ¿





Darémolle importancia tamén á produción de obras ou traballos por parte do alumnado tendo como obxectivo que o alumnado sexa protagonista final dos produtos de aprendizaxe e facendo fincapé na creación de produtos reais que teñan efecto na comunidade educativa.

O proceso de ensino e aprendizaxe partirá dunha planificación rigorosa, elixindo métodos didácticos que se axusten ao nivel inicial da alumna ou alumno e as súas condicións socioculturais, partindo da perspectiva do docente como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado, enfocándose á realización de tarefas ou situacións-problema, propostas cun obxectivo concreto que a alumna ou alumno deben resolver.

Teremos en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.

Crearanse materiais adecuados a estes modelos de aprendizaxe co desenvolvemento destas metodoloxías na aula, feito que leva consigo un importante nivel de coordinación de todos os membros da comunidade educativa -en particular as familias-, unha reflexión e a avaliación dos resultados, para definir melloras posteriores.

### 5.2.9 Área de primeira lingua estranxeira (Inglés)

#### PRIMEIRO CURSO

##### Bloque 1. Comunicación

CA1.1. Recoñecer palabras e expresións básicas en textos orais breves expresados de forma sinxela e directa. OBX1

CA1.2. Expresar oralmente frases curtas e sinxelas utilizando recursos verbais e non verbais previamente presentados. OBX2

CA1.3. Producir mensaxes moi breves e sinxelos usando apoios físicos ou dixitais. OBX2

CA1.4. Participar en situacións interactivas apoiándose na repetición ou na linguaxe non verbal. Mostrar empatía cara ás producións das e dos demais. OBX3

CA1.5. Utilizar estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse. Formular e contestar preguntas básicas. OBX3

CA1.6. Explicar información básica mostrando empatía e interese polas e polos interlocutores. OBX4

##### Bloque 2. Plurilingüismo

CA2.1. Comparar similitudes e diferenzas entre distintas linguas de



forma guiada. OBX5

CA2.2. Identificar estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira. OBX5

CA2.3. Identificar progresos e dificultades elementais no aprendizaxe da lingua estranxeira. OBX5

Bloque 3. Interculturalidade

CA3.1. Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns. OBX6

CA3.2. Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira. OBX6

## SEGUNDO CURSO

Bloque 1. Comunicación

CA1.1. Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais temas actuais e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible. OBX1

CA1.2. Utilizar estratexias elementais co fin de captar a idea global e identificar elementos específicos con axuda do contexto. OBX1

CA1.3. Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados. OBX2

CA1.4. Escribir palabras e frases moi breves a partir de modelos simples. OBX2

CA1.5. Producir mensaxes breves e sinxelas adecuadas ás intencións comunicativas. OBX2

CA1.6. Imitar e participar, en situacións interactivas elementais preparadas previamente, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais. OBX3

CA1.7. Seleccionar e utilizar estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación. OBX3

CA1.8. Interpretar e explicar información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores. OBX4

Bloque 2. Plurilingüismo

CA2.1., Comparar e contrastar similitudes e diferenzas entre distintas linguas. OBX5

CA2.2. Identificar e aplicar estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira. OBX5

CA2.3. Identificar e explicar progresos e dificultades elementais no proce-



so de aprendizaxe da lingua estranxeira. OBX5

Bloque 3. Interculturalidade

CA3.1. Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns. OBX6

CA3.2. Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais. OBX6

## 6- Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Neste apartado vaise a expoñer principalmente a selección dos materiais e recursos empregados na Educación Primaria, centrándose principalmente nos recursos e materiais didácticos.

Os criterios de selección dos materiais curriculares que sexan adoptados polos equipos docentes seguen un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionan resposta efectiva ás formulacións xerais de intervención educativa e ao modelo didáctico anteriormente proposto.

De tal modo, establécense oito criterios ou directrices xerais que perfilan a análise: Adecuación ao contexto educativo do centro.

1. Correspondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados no Proxecto educativo do centro.
2. Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos.
3. A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade interna de cada área.
4. A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
5. A variedade das actividades, diferente tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
6. A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
7. A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa.
8. Atendendo a todos eles, establecemos unha serie de pautas concretas que dirixirán a nosa selección.



Con respecto aos recursos humanos estes son:

- O/a mestre/a titor/a.
- Os mestres/as especialistas.
- O departamento de orientación.
- Os/as propios/as alumnos/as e as súas familias.
- Comunidade educativa.

E.F.

Os diferentes materiais e recursos didácticos que utilizaremos deberán cumprir as seguintes funcións:

1. Función de apoio á aprendizaxe: os materiais favorecen a interiorización dos contidos dunha maneira eficaz e significativa dentro do proceso de adquisición de aprendizaxe. Os materiais xogan un papel esencial ao ser os canalizadores na selección e almacenamento da información.

2. Función estruturadora: axudan á hora de ordenar e estruturar toda a información que reciben, de maneira que o abstracto verase transformado en coñecementos máis concretos e accesibles, conseguindo con iso, que os alumnos obteñan unhas aprendizaxes máis específicas e concretos.

3. Función motivadora: todo recurso material ten que ser chamativo, fonte de interacción e favorecedora da aprendizaxe de forma agradable, divertida e pracenteira, onde o neno non conciba en si mesmo o obxectivo principal que persegue, que é a aprendizaxe, senón que considere toda actividade educativa como unha ampliación máis da súa vida diaria.

A importancia do material, os recursos e estímulos aplicados como xogo na Actividade Física son fundamentais xa que permiten realizar experiencias múltiples, mediante os cales se vai acadando a comprensión concreta e precisa dos obxectivos nas metas propostas, así como tamén o proporcionar a capacidade de poder crear, relacionar, e transformar o que se quere alcanzar en coñecemento, cun ambiente cheo de emocións, sensacións e experiencias propias.



Os recursos e materiais utilizados nas sesións de Educación Física cumpren distintas finalidades, sendo as máis relevantes as seguintes:

- Son un medio entre a teoría impartida e a práctica deportiva.
- Motivan ao alumnado á hora de realizar as tarefas.
- Favorecer a comunicación e comprensión entre o alumnado.
- Son un elemento auxiliar eficaz.
- Posibilita a autoinstrucción.
- Son unha guía para as aprendizaxes.
- Permiten avaliar ao alumnado

## 7- Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

O alumnado que non opte pola área de relixión impartíraselle a materia de Proxecto Competencial e en 2º, 4º e 6º Educación en valores cívicos e sociais. Para estas sesións aconséllase:

- Traballo en valores e igualdade, sobre todo a través de contos.
- A educación emocional (a través de historias, representacións, contos...), que favorezan a expresión das propias emocións, gustos, fobias, etc.

Como materia de libre configuración, o centro establece para o alumnado de 4º nas matemáticas: Reforzo troncal-matemáticas e 6º de Educación Primaria nas linguas: Reforzo troncal: a materia ten unha dedicación dunha sesión semanal.

Ademais ofértase que o alumnado curse Psicomotricidade (en Lingua Inglesa) en Ed. Infantil, Ed. Física (en Lingua Inglesa) en 1º, 2º, 3º e 4º de Ed. Primaria e Ed. Plástica (en Lingua Inglesa) en 5º e 6º de Ed. Pimaria.

## 8- Os criterios para o deseño das actividades complementarias

### 8.1 Criterios para deseñar e seleccionar actividades

As actividades tratarán de:

- Contribuír ao desenvolvemento dos obxectivos xerais e das competencias clave.
- Favorecer os obxectivos ou finalidades do proxecto educativo.



- Propiciar comportamentos que non sexan: violentos, xenófobos, sexistas e pouco saudábeis.
- Ter en conta a idade á que está dirixida.
- Fomentar a aprendizaxe significativa.
- Incluír á diversidade de alumnado.
- Acercar ao alumnado a súa contorna.
- Posibilitar o coñecemento do patrimonio cultural da nosa rexión, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural.
- Fomentar o desenvolvemento do alumnado.

No deseño das actividades estableceranse tarefas para antes, durante e despois da realización das mesmas.

## 8.2 Criterios para organización de actividades

- O/a coordinador/a de actividades complementarias e extraescolares, informará nas xuntanzas xerais de distintas propostas de actividades.
- Informar á xefatura de estudos e ao equipo de actividades complementarias e extraescolares con suficiente antelación, sobre as saídas que se desexan realizar.
- Distribuír a súa realización ao longo dos tres trimestres, evitando que se acumulen en períodos concretos.
- As actividades deben estar programadas, na medida do posible, ao comenzo de curso figurando na PXA.
- Para realizar una actividade fóra da localidade, que non figure na PXA, débese informar con antelación ao equipo directivo para que sexa aprobada polo Consello Escolar.
- O profesorado acompañante nas saídas será elixido en función dos seguintes criterios:
  - 1º Titor/a ou especialista do grupo ao que vai dirixida a actividade.
  - 2º Profesorado con menor perda de horas lectivas que imparta clase aos grupos participantes na actividade.
  - 3º Profesorado con menor perda de horas lectivas que non imparta clase aos grupos participantes na actividade.



- O profesorado programará tarefas alternativas que deberán realizar os alumnos/as que non participen nas actividades.

### 8.3 Criterios para a avaliación das actividades

A actividade:

- Contribuíu ao desenvolvemento dos obxectivos xerais e das competencias clave.
- Favoreceu os obxectivos ou finalidades do proxecto educativo.
- Favoreceu comportamentos non violentos, xenófobos, sexistas ou pouco saudábeis.
- Estaba adaptada á idade á que estaba dirixida.
- Fomentou a aprendizaxe significativa.
- Incluíu á diversidade de alumnado.
- Posibilitou o coñecemento do patrimonio cultural da nosa rexión, participou na súa conservación e mellora e respectou a diversidade lingüística e cultural.
- Fomentou o desenvolvemento do alumnado.

## 9- Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

Toda a práctica educativa estará enfocada á atención da diversidade. A escola, como a sociedade, acolle diversidade de persoas con características e necesidades propias. Teremos en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, adaptándonos ás características propias de cada alumno/a. Traballaremos, pois, tendo en conta esa diversidade adoptando as seguintes medidas:

- Manteremos unha comunicación e relación frecuente e clara coas familias, é a mellor maneira de coñecer as necesidades do alumnado.
- Empregaremos distintos estilos de aprendizaxe á hora de propor tarefas, favorecendo o desenvolvemento de todas as habilidades e intelixencias do alumnado para favorecer a súa integración e inclusión
- Partiremos do nivel de cada alumno/a.
- Prestaremos atención individualizada sempre que sexa posible.



- Traballaremos as emocións con todo o grupo - clase, facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal e buscando xuntos propostas de mellora.

As medidas con carácter curricular son o reforzo educativo e as adaptacións curriculares que se levan a cabo con algúns/algunhas estudantes.

O reforzo educativo realízase dentro da aula ordinaria polo mestre/a titor/a e, noutras ocasións, pola mestra especialista en pedagogía terapéutica dentro da medida das súas posibilidades ou pola mestra ou mestre de apoio. Reciben este tipo de reforzo aqueles alumnos/as que coa modificación de elementos non prescritivos do currículo, é dicir, a secuencia de contidos, as formas e instrumentos de avaliación, a organización da aula, os agrupamentos dos alumnos/as e todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía, poden seguir o proceso ordinario de ensino/aprendizaxe, fundamentalmente nas áreas de alto contido instrumental, lingua castelá, lingua galega e matemáticas

Por outra banda, a adaptación curricular (medida extraordinaria) refírese ás modificacións dun ou máis elementos prescritivos do currículo, como son obxectivos, contidos e criterios de avaliación, para atender ás necesidades educativas dun alumno/a motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal coma polas súas capacidades excepcionais. O referente de toda adaptación curricular son os obxectivos xerais da etapa, concretados no proxecto curricular do centro para cada curso. Os obxectivos poden pertencer, se é o caso, a outro curso ou etapa distinto do que cursa o alumno/a obxecto de adaptación curricular.

Os nenos/as con adaptacións curriculares reciben apoio por parte da mestra de pedagogía terapéutica e, se é o caso, por parte da mestra de audición e linguaxe.

En todo caso intentarase:

- Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a.
- Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade.
- Partir dunha avaliación inicial dos alumnos en cada nivel de aprendizaxe para detectar coñecementos previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido.





## 10- Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

A atención aos nenos/as repetidores non debe desvirtuar o que debe ser a intención fundamental deste curso, que persegue a educación integral de todos os alumnos e alumnas e que se materializa na necesaria integración de todo o alumnado.

Tomaranse medidas adecuadas ás necesidades educativas do alumnado.

Por una banda, mediante respostas de tipo curricular, que se concretan na elaboración, desenvolvemento e avaliación das adaptacións curriculares con distintos graos de significatividade.

Por outra banda, respostas organizativas, que teñen que ver coa organización dos recursos humanos e materiais do centro para atender este alumnado e coa planificación das medidas educativas máis adecuadas para asegurar o seu adecuado progreso. Tomaranse medidas de reforzo como os apoios nas áreas de lingua e matemáticas, e se fose necesario, as adaptacións do currículo. Ditas adaptacións realizaranse buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias.

O Plan de Acción Titorial tenderá a favorecer o seguimento personalizado do proceso de aprendizaxe do alumnado e establecerá medidas que permitan manter unha comunicación fluída coas familias, tanto co fin de intercambiar informacións sobre aqueles aspectos que poidan resultar relevantes para mellorar o proceso de aprendizaxe dos alumnos/as, como para orientalos e promover a súa cooperación.

Así mesmo, asegurará a coherencia educativa no desenvolvemento das programacións mediante procedementos de coordinación do equipo educativo que permitan adoptar acordos sobre a avaliación e sobre as medidas que deben poñerse en marcha para responder ás necesidades detectadas.

Facilitarase a integración dos alumnos/as no seu grupo e no conxunto da dinámica da aula.

Potenciarase o esforzo individual e o traballo en equipo.



Efectuarase un seguimento global da aprendizaxe dos alumnos/as para detectar dificultades e necesidades especiais e recorrer aos apoios ou actividades adecuadas. Apoios dentro e fóra da aula.

Favoreceranse procesos de mellora educativa a través da coordinación co equipo de apoio, realizando as adaptacións curriculares necesarias.

Estableceranse as canles de colaboración, apoio e asesoramento coas familias para o logro dun desenvolvemento integral dos seus fillos e fillas.

Banco de materiais de reforzo educativo sempre dispoñible na aula.

É moi importante o traballo que se pode realizar con eles dentro da aula, ademais do apoio individualizado por parte dun mestre/a de apoio especialista.

No referente ao traballo de apoio na aula, irá encamiñado sempre á consecución dos aprendizaxes definidos para todo o grupo e, coa colaboración do profesorado de apoio estableceranse Adaptacións Non Significativas que permitirán acceder aos alumnos/as ás aprendizaxes.

Reforzo fóra de aula, coas mestras especialistas de AL e PT, coas que anticiparán ou reforzarán contidos impartidos no resto de horas.

Salientar tamén que un neno ou nena pode flexibilizar co adianto (ou ampliación en caso de NEE) dun curso académico se é considerado un alumno/a con altas capacidades. Dito proceso contempla unha serie de pasos de actuación por parte do profesorado os cales contemplamos en todo momento por se temos dita casuística co noso alumnado. Esta medida soamente se poderá levar a cabo unha vez en toda a etapa.

## 11- Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

Para a avaliación tomamos como referente a Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

A avaliación no noso centro ten como finalidade a valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado, así como da propia práctica docente.

Atención ás diferenzas individuais na avaliación.



A avaliación será adaptada as circunstancias do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo; esta adaptación en ningún caso se terá en conta para aminorar a cualificación obtida polo alumnado.

Avaliación.

No caso do alumnado con adaptación curricular serán os referentes de avaliación serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

Cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades.

Promoción.

Ao finalizar os cursos de 2º, 4º e 6º da etapa, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. Esta decisión será tomada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción así como o criterio do/a titor/a. Segundo as N.O.F.C aprobadas no noso centro, os criterios para a promoción do alumnado, quedan establecidos do seguinte xeito:

- É fundamental que de cara a NON PROMOCIÓN do alumnado, todo o profesorado do centro utilice os mesmos criterios.
- Acórdase o seguinte: NON PROMOCIONARÁN aquel alumnado que suspenda tres materias de calquera tipo (instrumental ou non instrumental) pero atendendo sempre ás características e peculiaridades de cada neno/a, así coma a súa evolución ao longo do curso escolar.

Non obstante, teremos en conta as seguintes situacións, atendendo á nosa realidade:

- O equipo docente estima que as aprendizaxes non acadadas non impiden ao alumno/a seguir con aproveitamento a súa formación; pois apréciase certo progreso en canto á madurez.
- Prevalencia do grao de integración do alumno/a no grupo de iguais (caso de alumnado con N.E.A.E. ou N.E.E. e mesmo con problemas afectivo-emocionais) sobre o rendemento académico.



- Alumnado procedente do estranxeiro e/ou alumnado non escolarizado durante un período considerable de tempo.

A permanencia no mesmo curso é unha medida de carácter excepcional, e esta decisión soamente poderá adoptarse unha vez en toda a etapa. Neste caso o equipo docente elaborará un plan específico de reforzo para que durante este curso o/a alumno/a poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Para a elaboración deste plan seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021.

Cabe destacar que ao finalizar os cursos de segundo e cuarto da etapa o/a titor/a emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumno/a, indicando as medidas de reforzo que se deben contemplar no ciclo seguinte.

Ao finalizar a etapa cada alumno/a disporá dun informe elaborado polo seu titor/a sobre a súa evolución e grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

A promoción en 1º, 3º e 5º será de xeito automático.

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha materia suspensa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.

## 12-Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

O Artigo 5.4da Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen unha media de sobresaliente ao remate desta. Ademais dun rendemento escolar excelente deberán amosar un grao de madurez persoal salientable ao longo de toda a Educación Primaria.

A proposta de «Mención honorífica» farase constar na acta de avaliación.



### 13- As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias

Para a avaliación tomamos como referente a Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

A avaliación no noso centro ten como finalidade a valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado, así como da propia práctica docente.

- Atención ás diferenzas individuais na avaliación.

A avaliación será adaptada as circunstancias do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo; esta adaptación en ningún caso se terá en conta para aminorar a cualificación obtida polo alumnado.

- Avaliación.

No caso do alumnado con adaptación curricular serán os referentes de avaliación serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

Cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades.

- Promoción.

Ao finalizar os cursos de 2º, 4º e 6º da etapa, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. Esta decisión será tomada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción así como o criterio do/a titor/a. Segundo as N.O.F.C aprobadas no noso centro, os criterios para a promoción do alumnado, quedan establecidos do seguinte xeito:

- É fundamental que de cara a NON PROMOCIÓN do alumnado, todo o profesorado do centro utilice os mesmos criterios.



- Acórdase o seguinte: **NON PROMOCIONARÁN** aquel alumnado que suspenda tres materias de calquera tipo (instrumental ou non instrumental)

A permanencia no mesmo curso é unha medida de carácter excepcional, e esta decisión soamente poderá adoptarse unha vez en toda a etapa. Neste caso o equipo docente elaborará un plan específico de reforzo para que durante este curso o/a alumno/a poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Para a elaboración deste plan seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021.

Cabe destacar que ao finalizar os cursos de segundo e cuarto da etapa o/a titor/a emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumno/a, indicando as medidas de reforzo que se deben contemplar no ciclo seguinte.

Ao finalizar a etapa cada alumno/a disporá dun informe elaborado polo seu titor/a sobre a súa evolución e grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

A promoción en 1º, 3º e 5º será de xeito automático.

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha materia suspensa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.

## 14- Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Os centros docentes dentro do marco establecido polas administracións educativas, desenvolven a súa autonomía pedagóxica e organizativa levando a cabo entre outras prácticas, Plans e Proxectos reflectidos no seu Proxecto educativo, así como outros programas nos cales participa o centro de xeito anual, os cales son ofertados pola Consellería de Educación e outras entidades.

Os criterios que nos levan a participar nos diferentes Proxectos, Plans e Programas son aqueles que:

- Nos axudan a conseguir unha escola plural na que os conflitos se resolvan por medio do diálogo.



- Permiten a colaboración de xeito interdisciplinar mediante tarefas nas diferentes áreas.
- Permiten crear lectores/as eficientes.
- Aqueles que levan a cabo una acción orientadora no proceso educativo tanto individual como colectivo do alumnado.
  
- PLAN DE CONVIVENCIA.
- PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO.
- PROXECTO LECTOR.
- PLAN B (PLAMBE)
- PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.
- PLAN XOGADE
- OUTROS PROGRAMAS (CONTRATOS PROGRAMA E PROXECTA +).

## 15- O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular, realizarase periodicamente de xeito anual, mantendo así dito documento actualizado fronte ás modificacións que sexa preciso realizar.

Cabe destacar que axustaremos sempre o seu contido ás novas modificacións lexislativas que vaian xurdindo.

Esta avaliación da concreción, ten como finalidade adaptarse ás necesidades e características tanto do centro educativo como do profesorado e alumnado.